



CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelaio Nº4 32412 Carballeda de Avia (Ourense) Teléfono: 988 48 70 00
Web: www.carballedadeavia.com E-mail: info@carballedadeavia.com


BANDO

RECORDATORIO DAS OBRIGAS DOS PROPIETARIOS DE FINCAS EN MAL ESTADO NO PERÍMETRO DE VIVENDAS

O Concello de Carballeda de Avia informa:

Aos veciños/as que a Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia, e a Lei 7/2012 de Montes de Galicia establecen **as obrigas das persoas físicas e xurídicas responsables das parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión de biomasa**, con motivo da protección de núcleos habitados, **e deberán cumprir coas obrigas de xestión do combustible vexetal (tala e roza), antes do 31 de Maio de cada ano**, xestionando a biomasa vexetal nunha franxa de **50 metros perimetral** ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte. Polo tanto, **nos primeiros 50 metros non poderá haber maleza, piñeiros, eucaliptos, acacias ou matogueira**. Nas vivendas illadas ou urbanizacións, as medicións realizaranse dende o límite da edificación.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas anteriormente, segundo o artigo 22 da Lei 3/2007, o Concello de Carballeda de Avia procederá a notificar ás persoas responsables, advertindo da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.



Carballeda de Avia, 05 de maio de 2025

O Alcalde,

Luis Milia Méndez

